- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 6  | Newflash     | 19       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Comprender o sentido global e explícito de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.   | PE | 30 |
| CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiáns para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.  | Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos básicos para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.        |    |    |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación.  | Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles.  |    |    |
| CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.  | Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade.   |    |    |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades de cada momento.   | Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir textos comprensibles. usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados.                  | TI | 70 |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.       | Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, , apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto. |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.  | Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.   |    |   |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.    | Explicar comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por solucionar problemas.  |    |   |
| CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.   | Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento.     |    |   |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.   | Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.   |    |   |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.  | Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.          |    |   |
| CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoo explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe). | Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades. |    |   |
| CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.   | Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.                                   |    |   |
| CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.  | Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.  |    |   |

| <b>Craterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade. | Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> </ul> |

## Contidos

- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Materiais de consulta de elaboración propia   |
| Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua  |
| Manual da editorial (Libro e/ou caderniño do alumnado): Network ESO1, Student's Book- Ed. Burlington Books; Network Eso1 Workbook- Ed. Burlington Books |
| Recursos audiovisuais auténticos  |
| Recursos DUA  |
| Equipos informáticos  |
| Plataformas virtuais de aprendizaxe   |

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

A editorial facilita tamén o uso dos Webbooks do propio libro de texto facilitando así o traballo de repaso ou reforzo.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas 2 primeiras semanas do curso e desenvolverase mediante diferentes técnicas ou instrumentos que permitan determinar as fortalezas e carencias que podía ter o alumnado ao principio do curso. Poderase proceder á observación directa na aula en canto a expresión e comprensión, interpretación de textos, coñecemento de vocabulario e estruturas gramaticais axeitadas ou á realización dun test.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1     | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | Total      |
|-----------------------------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>5</b> | <b>19</b> | <b>19</b> | <b>19</b> | <b>19</b> | <b>19</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 70       | 70        | 70        | 70        | 76        | 30        | <b>64</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 30       | 30        | 30        | 30        | 24        | 70        | <b>36</b>  |

### Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia será:

- Continua, xa que, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.

- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. Comprensión oral (CA1.1,CA1.2,CA1.3 ): 10%

Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.

Instrumentos de avaliación: Rúbricas de corrección.

2. Produción oral, interacción e mediación (CA1.4,CA1.7,CA1.8,CA1.10): 15%

Cuestionarios, completar preguntas, diálogos, presentacións, monólogos...

Instrumentos de avaliación: Rúbricas de corrección.

1. Produción escrita (CA1.5, CA1.6): 15%

Redacción de textos adecuados ao seu nivel.

Instrumentos de avaliación: rúbricas de corrección.

2. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe (CA2.1,CA2.2,CA2.3): 40%

Gramática, vocabulario e pronunciación : completar ocós, escolla, transformacións.

Instrumentos de avaliación: guía de corrección.

3. Comprensión escrita e interculturalidade (CA3.1,CA3.2,CA3.3): 20%

Contestar preguntas e completar enunciados.

Instrumentos de avaliación: guía de corrección.

Avaliación final:

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5. Redondearase á alza ou á baixa a nota na avaliación final a partir de 0,5 tendo en conta o esforzo e traballo diario do alumno.

É imprescindible que o alumno acade UN CINCO na terceira avaliación para superar a materia. Tendo en conta que os contidos son progresivos, se aproban a 3ª, aproban a materia.

Co obxectivo de fomentar a constancia no traballo cada profesor poderá controlar as tarefas realizadas polo alumno sempre que o considere necesario, sen previo aviso, para avaliar ao alumnado.

As probas fixadas en cada avaliación deberán realizarse nas datas previstas, sendo precisa a xustificación documentada no caso de ausencia a dita proba. Se fose posible, comunicarase a ausencia con antelación, e de non poder ser así, o/a alumno/a deberá poñerse en contacto coa profesora tan pronto como se incorpore ao centro.

No que se refire á avaliación e cualificación da destreza oral SPEAKING o profesor decidirá en función do número de alumnos e das características dos mesmos- se realiza unha proba específica oral ademais de valorar a participación diaria nas actividades orais levadas a cabo na aula, a fluidez e corrección lingüística empregada.

Para o redondeo da nota final de avaliación valorarase a atención que o alumno mostra cando se explica ou corríxen as actividades feitas na clase ou telemáticas así como a participación nas mesmas. Valoraranse todas aquelas actividades realizadas en papel ou soporte informático que traballe o alumno/a na clase e na casa así como o caderno de clase.

Dado que unha lingua é un todo integrado, aqueles ALUMNOS QUE ABANDONEN OU SE NEGUEN A TRABALLAR unha destreza ou apartado dos mencionados anteriormente perden a posibilidade de que se lles faga nota media entre todas as probas feitas e as anotacións diarias realizadas polos profesores. Polo tanto, a nota global da avaliación será Insuficiente, isto tamén é válido para a avaliación final en xuño. Enténdese por abandono dos apartados anteriores o feito de non realizar tarefas ou probas específicas e non acadar en cada unha das destrezas (listening, speaking, reading e writing) unha CUALIFICACIÓN MÍNIMA DO 20% DA NOTA ASIGNADA A ESA DESTREZA.

Haberá alomenos un libro de lectura graduada obrigatorio. No 2º trimestre realizarase una proba escrita deste libro que substituirá a parte de Reading Comprehension propia desta avaliación, polo tanto otorgaráselle a mesma cualificación.

### **Criterios de recuperación:**

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final con estrutura e contidos similares ás probas parciais do curso ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Este apartado non procede en 1ºESO

### **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

#### **PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:**

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura                                       | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita                                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - A comunicación audiovisual                                   |      |      |      |      | X    |      |
| ET.4 - A competencia dixital  | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - A educación emocional e en valores                           | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - A igualdade de xénero  | X    |      |      | X    |      |      |
| ET.7 - A creatividade   | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - A educación para a saúde                                     |      |      |      | X    |      |      |
| ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.               | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable |      |      |      | X    |      | X    |
| ET.11 - O emprendemento social e empresarial                        |      |      |      | X    |      |      |
| ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico                  |      |      |      |      |      | X    |

#### Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade          | Descrición                              | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---------------------|---|----------|----------|----------|
| fomento da lectura: | lectura dun libro graduado ao seu nivel |          |          | X        |

### Observacións:

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico  |
| Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.   |
| Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.   |
| Metodoloxía empregada   |
| Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.      |
| Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas. |
| Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.   |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos  |
| Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.   |
| Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.  |
| Medidas de atención á diversidade   |
| Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.  |
| Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.  |
| Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.                    |
| Clima de traballo na aula   |
| Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.  |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais  |
| Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.   |

### **Descrición:**

Realizarase un cuestionario con estes indicadores co fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe. O grao de consecución será:

Sempre  
Ás veces  
Nunca

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nestas reunións analizarase e valorarase o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, farase un seguimento detallado da marcha do curso onde se analizarán os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

Queremos destacar tamén que en línea coas propostas de mellora levadas a cabo no curso pasado, pensamos que non deberiamos apartarnos deste senda, facendo fincapé nos puntos que se mencionan a continuación:

- Ao contar coa presenza dun auxiliar de conversa , adicar unha hora semanal á preparación de material didáctico baseándonos especialmente na comparación da cultura do noso país e o daquel, actividade que melloraremos e intensificaremos neste curso ao contar coa experiencia e plantexamentos previos do curso pasado. O propio departamento tratará de chegar con este falante nativo a unha forma de traballo e organización que dean resultados satisfactorios neste sentido.

- A posibilidade de facer agrupamentos en 1º ESO permitenos que poidamos recuperar alumnos que doutro xeito serían incapaces de seguir o ritmo do resto do grupo.

## **9. Outros apartados**